



Concurso de fotografía en redes sociais “Camariñas, o mar todo”

O concurso de fotografía en redes sociais “Camariñas, o mar todo” está organizado polo Concello de Camariñas, situado na Costa da Morte (A Coruña, Galicia), e se encontra incluído no seu proxecto de turismo mariñeiro “Camariñas, o mar todo”.

O obxectivo deste concurso non é outro que premiar as mellores instantáneas, as máis divertidas, espectaculares e orixinais imaxes dalgún recanto do municipio, que reflectan o espírito de Camariñas. As fotografías deben transmitir algunha das múltiples sensacións das que se goza neste municipio, onde se pode gozar de todo o que leva consigo o mar.

Así que, colle o teu móbil ou cámara de fotos e anímate a compartir a túa experiencia neste espazo natural que, como di a canción popular, irate camariñando con historias de mar e ría, de naufraxios e faros, de palilleiras e mariñeiros, de praias e portos, e de rutas inesquecibles nun mundo de sensacións plenas.

Súbeas a **Facebook** a través da aplicación Easypromos, e/ou a **Instagram**, e compárteas a través dos teus perfiles en redes sociais para conseguir máis votos.

TERMOS E CONDICIÓNS

Os seguintes termos e condicións aplícanse ao concurso “Camariñas, o mar todo”, que promociona e executa o Concello de Camariñas a través das redes sociais:

- Facebook <https://www.facebook.com/turismocamarinastodomar?ref=hl>
- Instagram <http://instagram.com/camarinass>.

O concurso está organizado polo Concello de Camariñas, con domicilio social na Praza da Insuela, 57. 15123, Camariñas (A Coruña).

1.- ÁMBITO

Internacional.

2.- DURACIÓN

O concurso comeza o **mércores 16 de xullo de 2014**, a partir das 00.00 horas, e o período de participación estenderase ata o **domingo 14 de setembro ás 23:59 horas** (horario



peninsular). O **mércores 18 de setembro**, ás 13:00 horas (horario peninsular), anunciarase o gañador final.

3.- PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas de máis de 18 anos, con conta nas redes sociais Facebook.com e Instagram.com, que acepten os presentes termos e condicións.

Para facelo deberán presentar unha ou varias fotografías de calquera recanto de Camariñas, existindo plena liberdade para a súa edición ou emprego de filtros, sempre e cando esta vinculada cos valores turísticos, naturais, socioculturais e ambientais do municipio.

As fotografías deben ser propias, actuais ou non, orixinais e non premiadas anteriormente.

As imaxes participantes non poderán ser contrarias á lei, á protección da infancia, á dignidade da muller, e deben cumprir cos criterios básicos de calidade e bo gusto, respectando os dereitos á intimidade, honor e a propia imaxe establecidos no artigo 20 da Constitución española. Neste sentido, o Concello de Camariñas resérvase o dereito de non entregar o regalo se o usuario defrauda, altera ou inutiliza o bo funcionamento e o transcurso normal e regulamentario do presente concurso.

Non poderán ser premiados, aínda que si se lles permitirá participar en el concurso, os empregados do Concello de Camariñas e aquelas persoas que participen directa ou indirectamente na elaboración do concurso, así como ningún dos familiares de calquera dos anteriores, en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

4.- MECÁNICA DO CONCURSO

- Facebook

Trátase dun concurso fotográfico con votación das imaxes por parte dos usuarios.

A aplicación (app) empregada para xestionar o concurso en Facebook é "Easypromos (Basic)"

Para participar é necesario ser fan de "[Camariñas, todo mar. Costa da Morte](#)", pinchar na pestana do concurso, que se promoverá desde a páxina, aceptar as bases de participación e subir a/as fotografía/s que cumpran cos criterios esixidos.

Todos os fans participantes poden votar a súa foto preferida. Para iso teñen que darlle ao botón "Votar participantes", podendo soamente emitir un voto por cada fotografía.



- Instagram

O usuario deberá publicar unha ou varias imaxes en Instagram, etiquetadas co hashtag **#Camariñasmar** o **#Camarinasmar** durante o período de duración do concurso.

Non hai un número máximo de fotografías para participar no concurso: os usuarios poderán subir a cantidade que crean oportuna, e votar polas que consideren gañadoras de entre as que estean etiquetadas co hashtag antes sinalado.

En cada rede social haberá un gañador semanal e un final. O gañador semanal será elixido por un xurado profesional entre as cinco fotografías que reciban máis votos no período natural dunha semana (De luns ás 00.00 h. a domingo ás 23.59 h.) en cada unha das redes sociais.

O premio final seleccionárase entre as 15 instantáneas máis votadas durante o período que dure o concurso.

Un xurado, composto por dous técnicos do Concello de Camariñas y un profesional da comunicación, será o encargado de escoller a foto máis orixinal, divertida e/ ou que mellor represente o espírito de Camariñas, como gañadora semanal e como premio final.

As imaxes participantes deberán incorporar unha identificación do seu/ súa autor/a (nome e apelidos ou sobrenome) e deberán ter unha referencia ao lugar de Camariñas onde foron realizadas. É opcional a inclusión de título ou datos adicionais.

En ningún caso a entidade organizadora deste concurso será responsable da perda ou non recepción de fotografías por calquera das vías de participación.

5.- COMUNICACIÓN DO GAÑADOR

Cada luns o xurado profesional escollerá a fotografía gañadora e ao día seguinte, martes, comunicará o gañador a través da súa Fan page de Facebook e o seus perfil de Instagram.

O **18 de setembro**, o xurado profesional elixirá a foto máis orixinal e a que mellor represente o espírito de Camariñas de entre as 15 fotos máis votadas durante todo o concurso. Posteriormente o Concello de Camariñas comunicará a identidade do gañador emitindo unha publicación a través da Fan Page “Camariñas, todo Mar. Costa da Morte”, do seu perfil de Twitter @camarinasmar, e do perfil oficial de Instagram @camarinas, e facéndoo público na [páxina web do Concello de Camariñas](http://www.camarinas.net/web/portada.php) <http://www.camarinas.net/web/portada.php> a través dun comunicado.

O/a gañador/a disporá dun prazo de 5 días naturais para a aceptación do premio. Esta aceptación deberá realizarse a través de Facebook (vía mensaxe privada) ou Twitter



@camarinasmar (vía mensaxe directa), respondendo en dito prazo á comunicación de “Camariñas, o mar todo”. Unha vez transcorrido ese prazo sen recibir comunicación por parte do/a gañador/a, o xurado seleccionará outra fotografía gañadora en cada unha das redes.

6.- DEREITOS

Os usuarios serán responsables dos seus propios comentarios e/ou publicacións, exonerando ao Concello de Camariñas e ao proxecto GAC “Camariñas, o mar todo” de calquera responsabilidade derivada dos contidos aportados por ditos usuarios.

Os usuarios deberán atender aos termos e condicións establecidos por Facebook, Easypromos e Instagram no referente ao rexistro e uso da páxina e as diferentes aplicacións, publicacións, contidos, etc., así como todo o relativo a condicións de privacidade, protección de datos e propiedade intelectual.

Non se admitirán imaxes, nin publicacións con contidos sexuais, violentos, denigrantes, racistas, discriminatorios, difamatorios, nin que podan ferir a sensibilidade dunha persoa media ou ben que inciten a condutas ilegais e/ou inmorais. Así mesmo, tampouco se admitirán contidos que infrinxan dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial, ou que infrinxan calquera outro tipo de dereito de terceiros. En calquera caso, o Concello de Camariñas resérvase o dereito da participación a aqueles usuarios cuxas publicacións mostren contidos inapropiados e poñelo en coñecemento de Instagram y Facebook.

Queda igualmente prohibida a inclusión de comentarios e/ou publicacións que inclúan datos de carácter persoal ou imaxes de terceiras persoas sen o consentimento expreso para a difusión da súa imaxe.

7.- PREMIO

Os/ as concursantes que resulten gañadores semanalmente grazas aos votos recibidos polos usuarios das redes sociais Facebook (a través da aplicación Easypromos) e Instagram,

Haberá premios semanais e un premio final, que serán os seguintes:

- PREMIOS SEMANAIS:

O autor/a de cada fotografía gañadora semanalmente recibirá unha bolsa- regalo “Camariñas, o mar todo” composta por unha camiseta promocional de Camariñas, dúas entradas para o Museo do Encaixe, dous pases para a Mostra do Encaixe que se celebrará no ano 2015, dous billetes para unha visita guiada por Camariñas, e un lote de conservas Boya. As visitas e entradas deberán empregarse antes de que finalice o ano 2014, agás os tickets para a Mostra do Encaixe.2015.



- PREMIO FINAL:

Haberá un gañador por rede social. Os galardoados co primeiro premio do concurso en Facebook e Instagram, terán a oportunidade de gozar dun fin de semana para dúas persoas aloxadas nun establecemento pertencente á Rede Turística de Camariñas e unha comida ou cea (a elixir), consistente nun menú mariñeiro, para dúas persoas nun restaurante da localidade que pertenza á Rede de Hostaleiros de Camariñas.

O premio non inclúe o desprazamento nin outros gastos derivados da viaxe e ten que empregarse antes do 30 de outubro de 2014. Tampouco poderá cambiarse polo seu importe en metálico.

Os premiados serán notificados publicamente na Fan page de “Camariñas, todo mar. Costa da Morte” en Facebook, @camarinasmar en Twitter e @Camarinas en Instagram; e notificados por vía privada a cada un dos interesados.

Así mesmo os premios serán remitidos pola organización ás dirección postais que faciliten as persoas premiadas, xunto coas indicacións e condicións para o seu disfrute, e non poderán ser cambiados polo seu importe en metálico.

8.- DECLARACIÓN DE VERACIDADE

Os datos facilitados polos participantes, deberán ser veraces. No caso de que estes foran falsos, o premio será anulado polo Concello de Camariñas.

9.- PROPIEDAD INTELECTUAL E PROTECCIÓN DE DATOS

Mediante a aceptación da participación no concurso, os gañadores permiten e consenten que os seus datos persoais sexan publicados como gañadores en calquera das plataformas oficiais do Concello de Camariñas (web municipal, web de turismo, redes sociais).

Os datos persoais subministrados no presente concurso someteranse á política de privacidade e protección de datos que corresponda a cada entidade, así como as que corresponden ás redes sociais e aplicacións empregadas neste concurso:

- [Facebook](#)
- [Easypromos](#)
- [Instagram](#)

Polo mero feito da súa participación, cada concursante cede ao Concello de Camariñas os dereitos de explotación sobre as fotografías (reproducción e comunicación pública) e autoriza a esta entidade para canto resulte necesario no desenvolvemento deste concurso: publicación en redes sociais, así como a súa exhibición en pantallas, exposicións, promocións, sempre e



cando se indique a autoría das mesmas. Dita autorización concédese con expresa facultade de cesión a terceiros e sen limitación xeográfica, de sistemas ou formatos.

Así mesmo cada participante garante a autoría e orixinalidade das fotografías remitidas, non constituíndo estas nin copia nin modificación, total ou parcial, de ningunha obra ou elemento preexistente, non infrinxindo polo tanto os dereitos de terceiros. Neste sentido, os participantes asumen plena e exclusiva responsabilidade pola participación que realizan e comprométese a manter indemne ao Concello de Camariñas fronte a calquera reclamación de terceiros que traia, causa da vulnerabilidade das presentes garantías.

10.- PROCEDIMIENTO DE RECLAMACIÓN

Os participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan as súas bases e o criterio do Concello de Camariñas en canto a resolución de calquera cuestión derivada destas bases.

O período de reclamación finaliza transcorridos cinco (5) días desde a data de comunicación ao agraciado dos premios. As reclamacións interporanse mediante escrito dirixido ao domicilio social do Concello de Camariñas: Praza da Insuela, 57. 15123, Camariñas (A Coruña).

Para o coñecemento de calquera litixio que puidera formularse en canto á interpretación ou aplicación das presentes bases, tanto o Concello de Camariñas como os participantes neste concurso sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais de Corcubión (A Coruña).